

## Poemas de G. López Abente para a ruta de Muxia- Touriñán

### **Pola area de Lourido**

Pola area de Lourido  
pasea o meu amor vello,  
veira do mar revolvido,  
do escuro ceu turbo espello.

Enriba das furnas mouras,  
na branca liña da estrada,  
brilan as guedellas louras  
da principesa encantada;  
e no inmenso azul salgado  
cruza o remoto confín  
o capitán condenado  
no seu negro bergantín.

Na escumosa costa brúa  
sen acougo o fero mar;  
no Facho descansa a lúa  
do seu longo camiñar  
e ao seu lourido fulgor,  
entre os penedos outivos,  
está o mouro encantador  
recontando os seus cativos.

Centileos de Santelmo  
na escuridade revoan  
e na entrana do Cachelmo  
tristes cantigas resoan.

Pola area de Lourido  
pasea o meu vello amor,  
leva o corazón ferido  
polo coitelo da dór.

*Centileos nas ondas*

### **N-o Facho**

Eu cheguéi, Facho altivo  
'despiñosas carrascas  
E de fortes penedos,  
á tua cume pelada.  
cheguéi c'os pes dôridos,  
co-oas maus despelexadas,  
sin respiro n-o peito  
e sudorosa a cara;  
cheguéi c'o corpo canso,  
pro con valente alma,  
segura gardadora  
das miñas nobres ánsias;  
e, n-a soberba altura,  
deixéi miñas olladas  
vagar agarimosas  
pol-a extensa comarca.

*Escumas da ribeira*

### **No Facho**

Olo aos meus pes a terra apoubigada  
i-envolvida na túnica lixeira  
dos velos transparentes da neboéira  
que flota pol-o âr arrandeada.  
Perto do chan, o sol de retirada  
manda ao mundo a raiola derradeira,  
e aparece tremando a luz primeira  
d'unha estrela na bóveda azulada.  
reina a paz i-o silencio n-esta outura  
a onde non chega o trafegar da xente;  
agaríamase a i-alma na dôzura  
que revóa arredor no morno ambiente,  
e, c'o peito invadido de ventura,  
sinto o sopro de Deus na miña frente.

*D'Outono*

### **A Buserana**

Monte Cachelmo, tí tes  
negras, moi negras entranas;  
n-elas rebuldan treizoeiras  
as ondas qu'ó mar espalla.  
Co-a tua altivés, Cachelmo,  
non m'enganas, non m'enganas,  
qu'antre os teus penedos brancos  
e as tuas verdes carrascas  
agochada tel-a boca  
da furna da Buserana.

*Escumas da ribeira*

### **A Buitra**

Tí despertas no inverno d'ese sono  
tépedo e mol que pol-o verán padeces,  
cando deitado sobre o mar parece  
un cadavre d'un rei que xaz no trono  
antre a luz d'espectrales palideces.  
Tí no inverno eres outro; xa non eres  
o corpo inanimado d'un xigante  
que no leito da iauga buligante  
aguanta, nos azús anoiteceres,  
as risadas da lúa rexoubante.  
Tí na furia invernal érgueste altivo,  
ceibo xa no sopor do morno vrán,  
e axitando o teu lombo de titán  
adiantas, fero monstro redivivo,  
no rexo, adusto e temeroso chán.  
Ollas pra alén, na escura lonxanía  
onde se forma a tempestá furente  
estrícaste, e, baixando a dura frente,  
c'os temores da cólera bravía  
Brincas no mar coma un lión doente.  
Fundes n-él o fociño sanguíñento  
que da ardentía no craror se esfuma,  
e axigantadas pol-a mesta bruma,  
e antre o xordo balbor do teu alento  
xurden montanas de fervente escuma.

*Nemancos*

### **A Arnela**

O mar, de inverno esquecido,  
dorme no seo da Arnela,  
bicando o branco coído  
que está deitado na orela.  
Co-a imensidade por diante  
e antre montes encerrada,  
como unha boca xigante,  
ábrese a Arnela encalmada.  
Os penedos, fortes, rexos,  
cinguindo as duas ribeiras,  
ven tremar os seus reflexos  
no azur das ondas lixeiras  
que en tombos van cristaiños  
a morrer lánguidamente  
antre os bolos redondiños  
do coído relucente.  
E unha líquida vea  
d'auga que cai dos barrancos,  
marmuladora canea  
por riba dos coios brancos.

O sol, dourado baxel,  
ven hastra varar na orela,  
enchendo c'ó seu ronsel  
de luz e côres a Arnela.

*Nemancos*

## **Touriñán**

*A D. Xesús Quiroga Losada,  
Marqués de la Atalaya*

Ainda o sol d'outono,  
con tépeda sorrisa,  
agarima o ensono  
i endoza o alento da calada brisa.  
Ainda as ondas de cristal rebrilan,  
rolando marmuleiras,  
e a bicaran desfilan  
os roquedos que s'erguen nas ribeiras.  
Inda o coloso dorme,  
baixo do azur celeste cortinaxe,  
tranquilamente dorme  
recrinado no informe,  
irto e adusto montañés paraxe.  
Inda é cantiga branda o que s'escoita  
e non balbordo de inhumana loita!

Da terra vixiante  
centinela, desperto  
de cote para ollar cara o deserto  
líquido e pavoroso que ten diante;  
índice occidental forte e barudo,  
dedo o mais longo da galega man;  
soberbo promontorio, monte rudo:  
CABO TOURIÑÁN!

Semella c'ó seu lombo seco e pardo  
no medio da solemne soedade  
un inspirado e fabuloso bardo  
xurdindo da lonxana antiguidade.  
I o faro é, no mais outo d'esta lomba,  
linda dona que viste albo capuz,  
e, nas noites escuras, branca pomba  
pol-as trebas tendendo asas de luz.

*Nemancos*

## 1. Parada no areal de Lourido.

Se hai que destacar da figura de Gonzalo López Abente como escritor é a súa entrega desinteresada e entusiasta pola **lingua galega**, a lingua da xente do seu pobo. Practicamente toda a súa obra está en galego e en momentos moi delicados para o galego como foron os primeiros anos do franquismo, D. Gonzalo utilizou a nosa lingua na entrada na RAG en 1941 lendo o discurso: *A terra e a poesía de Pondal*. Naquel momento Hitler estaba arrasando toda Europa e o fascismo, dun nacionalismo agresivo que vía as linguas que non foran nacionais como unha ameaza da unidade da patria...

**Pondal**, que era parente seu e do que tivo unha influencia clara nalgúns dos seus poemas, sobre todo no primeiro libro *Escumas da ribeira* e do que temos como exemplo o poema **“N-o Facho”**: neste poema o ritmo enérxico, o estilo e o léxico é tomado da poesía paisaxística de Eduardo Pondal. Destaca sobre todo a adxectivación pondaliá: “Facho altivo”, “fortes penedos”, “cume pelada”, “pés doridos”, “corpo canso”, “valente alma”, “nobres ansias”, “soberba altura” ... e o espírito de Pondal está na mirada da paisaxe como ensoñación para sentir un futuro máis noso:

“deixei miñas olladas  
Vagar agarimosas  
Pol-a extensa comarca”.

Pero no libro *Escumas da ribeira non só* hai influencias de Pondal ou Rosalía, segundo X.L. Méndez Ferrín nalgúns poemas moi persoais están próximos o **malditismo** de algúns autores decadentistas de finais do século XIX (Mallarmé, Baudelaire...), do que destaca sobre todo “A fouce”, no que o poeta se enfronta ao Destino que segou as vidas dos seus seres queridos.

O outro poema referido ao monte máis alto destas paraxes, **“No Facho”**, é do libro de sonetos de López Abente editado en Lugo na editorial Ronsel **Do Outono** en 1924. Son 60 sonetos de madurez que para o crítico, poeta e editor da poesía de López Abente, Miro Villar considera o mellor libro do autor, pola súa mestría no uso do soneto e a súa orixinalidade, pois mestura o clasicismo do soneto cun contido moi novidoso e persoal. No soneto que escoitaredes en breve hai unha descrición da paisaxe desde o cume do Facho nun solpor cunha estética “saudosista” común a autores como Ramón Cabanillas e a outros autores portugueses (Teixeira de Pascuaes...) e todo o contido, como nos bos sonetos está en función do terceto final, no que a paisaxe serve para entrar en comunión cósmica co universo e con Deus.

Aínda que os poemas que imos ler hoxe son poesías paisaxísticas, o noso autor non só fixo este tipo de poesías, senón que tratou outros temas, do que destaca un dos temas poéticos universais, o do amor. Desde o 1º libro, *Escumas da ribeira*, ata o último publicado en vida do autor, *Centileos nas ondas*, 1958, do que é o poema polo

que imos comezar o recital, “**Pola area de Lourido**” están moi presentes o recordo e as vivencias do seu grande amor á súa esposa, Balbina Abente, filla do seu tío Victorino Abente Lago e que morreu en 1910 no parto,xunto co seu fillo, ao ano de casados. En todos os libros hai poemas que recordan á súa amada, aínda aos 80 anos o autor di:

“Pola area de Lourido  
Pasea o meu vello amor,  
Leva o corazón ferido  
Polo coitelo da dór”.

Neste poema escrito en **cuartetos** octosilábicos de rima a-b-a-b o autor xa maior recolle o legado poético dos autores novos de antes da Guerra Civil e no que lle fai unha homenaxe a un poeta-mártir, un dos símbolos do republicanismo español que escribiu na nosa lingua en 1935 os *Seis poemas galegos*, trátase como non, de Federico García Lorca. A natureza como nas poesías do autor de *Romancero gitano* cobra vida: “o fero mar”, “no Facho descansa a lúa/ do seu longo camiñar”. Recolle tamén aquí ecos da poesía modernistas ao falarnos da “princesiña encantada”, de “o mouro encantador”, e mesmo resoan os ecos románticos en “o capitán condenado/no seu negro bergantín”. Evoca aquí as cantigas que saen da furna da Buseran, como conta a lenda. A natureza non serve só para recrear momentos íntimos do poeta, senón tamén para darlle unha dimensión máis humana, profunda, mítica, para que a xente que a lea ou escoite, se sinta plenamente integrada na Terra.

## 2. Parada na Arnela-A Buitra.

O primeiro poema que se vai ler, “A Buserana”, tamén do libro inicial *Escumas da ribeira* hai de novo unha estética moi pondaliá no estilo, na métrica e no contido: a adxectivación colorista: “negras entranas”, “penedos brancos”, “verdes carrascos” e chama a atención a repetición moi utilizada en Pondal cunha función humorística como acontece neste poema octosilábico con rima romanceada:

“Co-a tua altivés, Cachelmo,  
Non m’enganas, non m’enganas”

A furna da Buserana só está evocada no último verso e servirá para que o poeta na década máis produtiva da súa obra literaria, 1919-1929 desenvolva a lenda de Buserán e mais Rosalinda nun dos seus mellores relatos editados na editorial doutro dos mártires da barbarie fascista que asolou España en 1936, Ánxel Casal... A noveliña curta que leva o nome de *Buserana*, 1925 cóntanos as vivencias dun Don Juan que lle conta a unha mociña fermosa e cantadeira a lenda da Buserana e que puido rematar en traxedia, pero ten un final inesperado... Esta lenda da Buserana é unha das lendas máis lindas da literatura galega popular.

Como dixen antes foi na década dos “felices anos 20” no que o noso autor desenvolve case o máis importante da súa obra. Se en prosa vai contribuír á consolidación da prosa en galego con obras como *O deputado por Beiramar*, *O novo xuez*, *Buserana*, *Fuxidos*, *Vaosilveiro*... Tamén ao teatro galego coa obra *María Rosa*, pero López Abente é sobre todo un poeta de grande prestixio entre a intelectualidade daqueles anos no que as Irmandades da Fala de Antón Vilar Ponte, Vicente Risco, Castelao e Otero Pedrayo tanto fixeron polo prestixio da nosa lingua e cultura... Vicente Risco foi o grande ideólogo daquela década prodixiosa e o noso poeta estaba moi vinculado aos seus postulados estéticos e ideolóxicos. As súas dúas grandes obras poéticas, *Do Outono* e sobre todo *Nemancos*, para nós a obra cume do autor están, como dixemos antes na estética “Saudosista” no que se irmanan os poetas galegos e portugueses. Por detrás destas obras está o espírito culturalista e universal de Risco.

*Nemancos*, 1929 foi publicado no mesmo ano que a súa novela *Vaosilveiro*. É un poemario que volve aos temas do seu primeiro libro, pero agora cunha madurez estilística e cun contido moi sopesado. Abre o libro un fermosísimo poema “Muxía” e remátao con outro poema paisaxístico e que escoitaredes en breve, “A Arnela”. Moitos dos poemas son intimistas, volve aos recordos da súa querida esposa morta prematuramente, as paixóns íntimas e os desconsolos que o autor comparte coa natureza e que son fonte enriquecedora para o seu propio autocoñecemento e superación persoal. O espírito do poeta é sublimado cando o mal tempo e o mar bravo están en pleno apoxeo como pasa en “O meu mar”, un dos grandes poemas do autor ou neste outro que ides a oír, “**A Buitra**”, no que contrapón o tempo de verán,

“tépedo e mol”no que lle recorda a un “cadavre d’un rei” ou a “o corpo inanimado d’un xigante” fronte á “furia invernal” que semella un axigantado “lombo de titán” e enfróntase ás tempestades coma un “lión doente”.

“e antre o xordo balbor do teu alento  
Xurden montanas de fervente escuma.”

Este poema hendecasílabo (11 sílabas) feito en quintetos con rima A-B-B-A-A está construído cun estilo solemne e elevada requerido pola dimensión heroica que lle quere dar a este extremo occidental da terra de Nemancos.

O poema “A Buitra” está contrarestado polo poema “**A Arnela**”, que pecha o libro, feito con quartetas octosilábicas de arte menor, con rima a-b-a-b. No inverno este recuncho “antre montes encerrada” é un lugar idílico, remanso de paz e harmonía para que

“ O sol, dourado baxel,  
Ven hastra varar na orela  
Enchendo c’o seu ronsel  
De luz e côres a Arnela”

O profesor Xosé María lema fixo unha novela, *Costa do Solpor*, que se desenvolve nestas paraxes muxiás.

### 3. Parada en Touriñán.

Para rematar a aproximación a Gonzalo López Abente dicir que este autor non é só un autor localista de segunda orde, como pode parecer por non estar nos manuais da literatura galega, senón como di un dos grandes escritores e críticos da nosa literatura, Xosé Luís Méndez Ferrín, “é un dos grandes poetas”. O que foi un dos grandes presidentes da RAG está namorado do poemario *Bretemada*, libro elaborado entre os anos 1917 e 1922 e que posiblemente non foi editado porque nese momento, 1923 o xeneral Primo de Rivera dera un golpe de estado apoiado por Alfonso XIII e por moitos sectores da sociedade española e que non serviu para solucionar a crise política da Restauración.

O noso autor foi un home humilde, que puido superar a morte da súa amada co amor á lingua, á xente de Muxía e a súa terra, da que nunca quixo marchar, a pesar de ter sido un gran viaxeiro e pasaba temporadas na Coruña e onde tivo sempre moitos amigos e admiradores. El que foi un dos fundadores das **Irmidades da Fala**, organización fundamental para a dignificación da lingua e cultura galega, tamén entrou nun dos organismos que van estudar a cultura galega desde unha perspectiva universitaria, refírome ao **Seminario de Estudos Galegos**, tamén asasinado pola barbarie franquista. Mesmo foi elixido presidente da **Asociación de Escritores de Galicia** en 1936...

Cando se creou a Fundación que leva o seu nome e da que estamos aquí varios representantes, a nosa idea era dar a coñecer un autor fundamental para a nosa cultura e imprescindible para Muxía e toda a Costa da Morte, nome que non existía no seu tempo pero el soubo escoller un nome milenario como era Nemancos, que xa aparecen nos documentos da primeira Idade Media e hoxe corresponde cos concellos de Fisterra, Cee, Corcubión, Dumbría e Muxía.

O poema co que imos fechar o recital poético é “**Touriñán**”, do libro *Nemancos*, o cabo é punto máis occidental de España.

“índice occidental forte e barudo  
Dedo o máis longo da galega man”

Combinación de versos de sete sílabas con outros de once para construír un poema dinámico, como o propio mar que envolve o cabo, identificado cun bardo celta (que recolle de Pondal) e o faro seméllalle unha “linda dona” e unha “branca pomba”.

En *Nemancos* hai un poema que é unha homenaxe a Curros Enríquez cando se inauguraba en Celanova un busto feito por Francisco Asorey en 1927 e na que o noso autor non puido asistir e mandou o poema “Unha oración” e nós podemos ler “in situ” parte deste poema:



“Quen non puido facer pelengrinaxe  
deica o teu santuario milagreiro,  
prega homilde no seo silandeiro  
do máis barudo galicián paraxe.

Tempro soberbo pra rezar. Bravía  
Costa pedregullenta  
e un fero mar que alenta  
con rexa rebeldía.

Escumas na rompente bruadora,  
outos penedos, cabos atrevidos...  
Grandiosa escena para os estalidos  
da túa musa varil e loitadora.

Mestre:  
Unha oración suba da terra,  
-volvoreta no ouro da mañán-  
Rezada antre o balbor de Touriñán  
na adusta soedade de Fisterra.

E para rematar a miña intervención recordar que o último poema do derradeiro libro en vida do autor, *Centileos nas ondas*, termina co romance “Almiral”, ambientado en Touriñán e no que un personaxe popular recolle do mar un cofre que ten o traxe dun almirante inglés e este viste na festa de San Martiño, patrón da parroquia de Touriñán. O tema das crebas (os restos que deixan na costa os naufraxios) será moi desenvolto por poetas como Miro Villar, crítico da obra poética de López Abente, en Manuel Rivas aparecen os restos dos naufraxios en varias obras, como por exemplo na novela *Todo é silencio*, levada ao cine por Xosé Luís Cuerda, ou será tema dunha exposición fotográfica de Manuel Sendón, un dos grandes fotógrafos da Costa da Morte.

Muxía 15 de agosto de 2014